

Esclavitude na UE

Description

Un informe previo do Parlamento europeo a ser presentado a finais de outubro ante a Comisión Europea, revela que 880.000 persoas executan “traballos baixo condicións de esclavitude” no espazo da Unión Europea. Segundo este informe, denominado “CRIM” e realizado a mediados de setembro utilizando datos da Organización Internacional do Traballo (OIT) de 2012, en Europa habería unhas 3.600 organizacións criminais, sendo as actividades criminais máis prolíficas aquelas derivadas do “cybercrime”, con ganancias de aproximadamente 290.000 millóns de euros, e o tráfico ilegal de órganos e de animais, con 26.000 millóns de euros.

Un informe previo do Parlamento europeo a ser presentado a finais de outubro ante a Comisión Europea, revela que 880.000 persoas executan “traballos baixo condicións de esclavitude” no espazo da Unión Europea. Segundo este informe, denominado “CRIM” e realizado a mediados de setembro utilizando datos da Organización Internacional do Traballo (OIT) de 2012, en Europa habería unhas 3.600 organizacións criminais, sendo as actividades criminais máis prolíficas aquelas derivadas do “cybercrime”, con ganancias de aproximadamente 290.000 millóns de euros, e o tráfico ilegal de órganos e de animais, con 26.000 millóns de euros.

O informe “CRIM”, publicado recentemente polo semanario alemá Der Spiegel, estima que estas organizacións criminais causan perdas económicas cifradas en centenas de miles de millóns de euros, sen incluír os danos que a nivel persoal e psicolóxico xeran nas persoas sometidas a este flaxelo, denominados como “esclavos modernos”.

Este problema parece invisible aos ollos da opinión pública e dos gobernos europeos, aínda que non tan invisible para o cidadá común “de a pe”, que si observa síntomas desta esclavitude na prostitución, a droga, etc. Un cuarto das 880.000 persoas sometidas a esta “esclavitude moderna”, exactamente 270.000, estaría atrapado no mundo da explotación sexual, cuxo “estatus” dentro da UE segue a provocar un forte debate público entre a prohibición e a regulación, con intereses económicos de por medio.

Precisamente, a prostitución, o narcotráfico e o tráfico de persoas son prolíficos dende Europa do Leste, os Balcáns e Turquía como paso da periferia ex soviética dende Asia Central ao Cáucaso. Tamén a África subsahariana nutre a estas organizacións criminais, utilizando o espazo mediterráneo, cuxa atención informativa centrouse estes días coa traxedia inmigrante en Lampedusa (Italia). Na maioría dos casos, a poboación inmigrante, principalmente ilegal, sofre estas secuelas.

Noutro apartado este informe considera que a corrupción converteuse nun problema sumamente serio para a UE, sendo un motor estratéxico do problema da “esclavitude moderna”. Segundo este informe, tan só no sector privado detectáronse 20 millóns de casos de corrupción, con perdas públicas estimadas en 120 millóns de euros anuais.

Este problema eufemisticamente denominado como “esclavitude moderna” faise mais patente na Europa da crise e da recesión, onde a precariedade laboral ben podería estar alentando a profusión de actividades ilícitas, especialmente no campos da prostitución, o narcotráfico e o contrabando.

O impacto social deste problema intensifica aínda mais a necesidade de concreción de políticas sociais de asistencia, de integración e de cooperación policial exhaustiva para perseguir ás redes criminais, escapando da tradicional “criminalización” de quen sofre estes problemas, por coacción, chantaxe e presión das mafias. A estabilidade europea non se mide exclusivamente pola aplicación de políticas públicas e medidas macroeconómicas anticrise senón por acadar unha maior conciencia cidadá sobre esta vergonzosa “esclavitude moderna”.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Unión escravitude
Europea moderna

IDIOMA

Galego

Date Created

Outubro 15, 2013

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2013-10-21 00:00:00